

A photograph of a person's hand stacking two light-colored wooden blocks on a wooden table. In the background, there is a blurred office setting with a laptop, a smartphone, and a person's arm. The text is overlaid on a white rectangular box with dark borders.

AXUDAS LABORATORIOS **COOPERATIVOS NO RURAL**

Subvencións 2019

XUNTA DE GALICIA

SUBVENCIONES 2019. BASES E CONVOCATORIA

Normas comúns	2
Programa I – Fomento de laboratorios cooperativos no rural	3
Programa II – Impulso de proxectos empresariais colectivos	5

IMPORTANTE:

A información que se ofrece neste documento é un resumo
que non substitúe a orde de bases reguladoras.

Antes de presentar a solicitude de subvención debe consultar a orde na súa versión íntegra.

NORMAS COMÚNS

NORMATIVA REGULADORA

Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 30 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a posta en marcha de laboratorios cooperativos no rural, e se convocan para os anos 2019 e 2020 (DOG núm. 95, do 21.05.2019).

FINALIDADE

Fomentar a dinamización da economía local, identificando oportunidades de negocio no territorio e seleccionando un grupo de persoas interesadas en iniciar unha actividade económica no dito sector a través da constitución dunha cooperativa ou sociedade laboral.

PROGRAMAS

Establece os seguintes programas de axudas:

- PROGRAMA I: fomento de laboratorios cooperativos no rural (procedemento TR807C)
- PROGRAMA II: impulso de proxectos empresariais colectivos (procedemento TR807D)

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes deberán presentarse por separado para cada un dos programas, nos modelos de solicitude que figuran como anexos á orde, xunto coa documentación citada nela.

Deberán presentarse por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

Concorrencia non competitiva

TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN

Secretaría Xeral de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

PAGAMENTO ANTICIPADO

Unha vez aceptada a subvención (e logo de solicitude no caso do programa I), pagarase anticipadamente un 80% do importe, ata o límite da anualidade. Se o importe da primeira anualidade non acada a citada porcentaxe, efectuarase un novo anticipo, ata o 80% do importe da subvención, no exercicio seguinte.

As entidades beneficiarias quedan eximidas da obriga de constituír garantía para a percepción dos pagamentos anticipados.

PROGRAMA I – Fomento de laboratorios cooperativos no rural

FINALIDADE

Dinamizar a economía local mediante fórmulas de economía social, a través de entidades mentoras que identifiquen oportunidades de negocio no seu territorio e seleccionen un grupo de persoas interesadas en iniciar unha actividade económica nun determinado sector, ao que lle impartirán a formación específica necesaria nesa área de actividade así como asesoramento e acompañamento.

O fin último é que todas ou parte das persoas seleccionadas constitúan unha cooperativa ou sociedade laboral no rural de Galicia, se ben este non é un requisito imprescindible para a obtención da axuda por parte das entidades mentoras.

BENEFICIARIAS

Poden ser beneficiarias deste programa:

- a) concellos, áreas metropolitanas, mancomunidades de municipios e consorcios locais
- b) asociacións de entidades de economía social
- c) asociacións e fundacións que teñan entre os seus fins a promoción da economía social, do emprendemento ou o desenvolvemento económico ou local
- d) empresas privadas

CONDICIONS PARA OBTEN A SUBVENCIÓN

Para poñer en marcha un laboratorio cooperativo a entidade mentora debe:

1. Identificar unha oportunidade de negocio nun concello rural
2. Seleccionar un mínimo de 3 persoas demandantes de emprego interesadas en emprender.
3. Impartirles un programa que inclúa necesariamente:
 - a) Formación sectorial específica na actividade que se quere lanzar.
 - b) Tutorización personalizada para a definición da idea de negocio e a elaboración da folla de ruta do proxecto.
 - c) Coaching profesional orientado ao emprendemento.
 - d) Tutorización por parte de persoas expertas na actividade ou sector de que se trate.
 - e) Asesoramento na mellora de procesos comerciais, apertura de novos mercados e acceso a financiamento.

Esta actividade complementarase co asesoramento e formación transversal en materia de economía social que a Secretaría Xeral de Emprego ofrece a través da Rede Eusumo.

O itinerario terá unha duración mínima de **100 horas durante un máximo de catro meses**, e deberase acreditar a **asistencia mínima do 90%** desta

duración por parte de todas as persoas participantes.

4. **Asegurar as persoas participantes** contra accidentes

5. **Aboar os custos de desprazamento das persoas participantes** con domicilio nun concello distinto a aquel onde se desenvolva o proxecto.

CONTÍA DAS AXUDAS

A axuda consiste nunha subvención de ata o 80% dos custos das actividades, incluídos custos directos, indirectos e de organización.

En concepto de gastos indirectos poderase imputar como máximo o 30% do total da subvención.

A contía máxima é de 15.000 € por cada proxecto e de 45.000 € por cada beneficiaria.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

Un mes a partir do día seguinte ao da publicación da orde no DOG. Remata o 21.06.2019

Se antes de finalizar este prazo se esgotase o crédito, o órgano concedente acordará a inadmisión de solicitudes e publicará tal circunstancia no DOG e na páxina web da consellería.

PERÍODO DE EXECUCIÓN DAS ACCIÓNS

Abarcará desde o 31.10.2018 ata o 31.10.2019.

PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

A data máxima de xustificación é o 15.11.2019.

COMPATIBILIDADES

Estas subvencións son incompatibles coas subvencións para programas integrados de emprego e de lanzadeiras de emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria, sempre que atendan as mesmas persoas físicas.

Son compatibles con outras axudas sempre que o importe conxunto das subvencións non supere o custo total da actividade que vaia desenvolver a entidade beneficiaria.

FINANCIAMENTO

Este programa está dotado con 200.000,00 euros financiados con fondos finalistas de Estado e fondos propios da Comunidade Autónoma.

PROGRAMA II – Impulso de proxectos empresariais colectivos

FINALIDADE

Fomentar e promover o emprendemento colectivo baixo fórmulas de economía social no ámbito da Comunidade Autónoma, concedendo axudas económicas que faciliten a posta en marcha dos proxectos empresariais resultantes dos laboratorios cooperativos no rural.

BENEFICIARIAS

Poderán ser beneficiarias as cooperativas e sociedades laborais resultantes dos laboratorios cooperativos e que teñan o seu domicilio social nun concello rural de Galicia.

Estas entidades deberán estar formadas maioritariamente por **persoas inscritas como demandantes de emprego**, que pasen a unha destas situacións:

- a) ser persoas socias traballadoras da cooperativa ou sociedade laboral
- b) emprender unha actividade por conta propia e incorporarse na cooperativa como persoas socias con carácter indefinido, con compromiso de exclusividade

CONTÍA DAS SUBVENCIONS

1. Ata o 80% dos gastos seguintes:

- a) proxectos técnicos, ata 1.000 €.
- b) elaboración de estatutos sociais e regulamentos de réxime interno, ata 1.000 €.

- c) gastos correntes do primeiro ano de actividade (compra de mercadorías, materias primas, arrendamento do local, maquinaria e equipamentos informáticos, seguro do local, publicidade, subministracións): ata 20.000 €.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

A partir do día seguinte ao da publicación da orde no DOG e ata o 01.10.2019.

Se antes de finalizar este prazo se esgotase o crédito, o órgano concedente acordará a inadmisión de solicitudes e publicará tal circunstancia no DOG e na páxina web da consellería.

PERÍODO DE EXECUCIÓN

Desde o 01.10.2018 ata o 31.09.2020.

PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

As entidades beneficiarias deberán xustificar cada anualidade de forma independente:

- 1ª Anualidade: actuacións realizadas entre o 01.10.2018 e o 30.09.2019 ata o 16.10.2019
- 2ª Anualidade: actuacións realizadas entre o 01.10.2019 e o 30.09.2020 ata o 16.10.2020

COMPATIBILIDADES

Estas subvencións son compatibles coas establecidas nos programas de fomento do emprendemento en economía social (programa Aprot – economía social).

Así mesmo, serán compatibles con outras subvencións orientadas á creación de emprego e empresas, sempre que non haxa identidade entre os conceptos subvencionables.

Estas subvencións están sometidas ao réxime de axudas de *minimis* polo que lles son aplicables os límites aplicables a este tipo de axudas.

OBRIGAS

Ademais das recollidas con carácter xeral no artigo 17 da orde, as entidades beneficiarias deberán manter durante dous anos, desde a resolución de concesión, a forma xurídica de cooperativa ou sociedade laboral, así como a actividade empresarial.

FINANCIAMENTO

Este programa está dotado con 300.000,00 euros, financiados con fondos finalistas do Estado e fondos propios da Comunidade Autónoma, distribuídas como segue:

- Anualidade 2019 por importe de 100.000 €
- Anualidade 2020 por importe de 200.000 €

Máis información
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

Secretaría Xeral de Emprego

**Edif. Administrativo. San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela**

Teléfono: 881 999 711

**<http://ceei.xunta.gal>
<http://eusumo.gal>
economiasocial.emprego@xunta.gal**